



INSTRUCCIÓN DE USO

INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS E CONVENIADAS POR MOR DA CRISE SANITARIA DO COVID'19.

OBXECTO

- Este documento pretende recoller e establecer as medidas sanitarias e de seguridade necesarias para poder acceder ao uso das Instalacións Deportivas Municipais e Conveniadas do Concello de Cangas.
- Calquera incumprimento no recollido neste protocolo será suficiente para a retirada da concesión e a apertura dun proceso sancionador en función da gravidade dese incumprimento. Todo elo sen prexuízo de que se dea conta á Administración competente aos efectos da depuración de responsabilidades en aplicación da normativa en vigor.

RESPONSABLE DA ENTIDADE

- Cada entidade deberá nomear a un/unha responsable (*nome + apelidos + DNI*) que será o encargado/a de velar pola coordinación da actividade e o cumprimento deste protocolo.

ACCESO A INSTALACIÓN / CENTRO

1. O punto de acceso será determinado polo titular da Instalación. Este punto deberá permanecer pechado durante o desenvolvemento da actividade.
2. Á Instalación unicamente poderán acceder os deportistxs e monitorxs da actividade. No caso de directivxs unicamente poderán acceder si teñen unha sede física na instalación, garantindo a súa limpeza unha vez rematen o uso.
3. Os/as deportistas accederán a instalación coa muda (roupa e calzado) desinfectada e limpa para adestrar. Non se poderán cambiar unha vez dentro.
4. Cada entidade deberá contar cos seguintes medios para o control de acceso:
 - Alfombra: para a desinfección do calzado
 - Xel Hidroalcohólico: para a desinfección das mans
 - Termómetro: para o control da temperatura (max. 37'5º)
 - Supervisión: en actividades de base (menores), cada entidade deberá contar con 2 monitores/as, un vixiando o protocolo na entrada e o outro/a organizando os nenos/as que xa estean dentro da instalación.

VESTIARIOS

- Unicamente se poderán utilizar para ir o baño, que deberá ser desinfectado tras o seu uso.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

- Cada entidade deberá seguir o protocolo marcado pola súa federación ou administración (Xunta ou Estado) para o desenvolvemento da actividade, prestando especial atención ao uso da mascarilla, aos distanciamentos, á ventilación e á desinfección.

REMATE DA ACTIVIDADE

1. Cada entidade deberá contar cos seguintes medios para o control de saída:
 - Xel Hidroalcohólico: para a desinfección das mans
 - Supervisión: en actividades de base, un monitor/a vixiando o protocolo de saída e o outro/a controlando os nenos/as que xa están dentro da instalación.
2. Limpeza e desinfección de todo o material e mobiliario de uso común

CONTAXIOS

- En caso de producirse un contaxio deben informar automaticamente a Concellaría de Deportes

